GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL
intef INSTITUTO NACIONAL DE TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE FORMACIÓN DEL PROFESORADO
MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA

Educación en GOBERNO ABERTO

para Primaria

EN LECTURA FÁCIL

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Título: Guía didáctica Gobierno Aberto Educación Primaria. Lectura fácil

Documento Accesible

Publicación del programa de publicaciones del
Ministerio de Hacienda y Función Pública

Hecho por:

© Ministerio de Hacienda y Función Pública.
2021

Códigos para encontrar el documento original del Gobierno

NIPO: 277-21-039-8 (papel)
NIPO: 277-21-038-2 (en línea, pdf.)

Guía didáctica sobre o Goberno aberto

Guía didáctica sobre o Goberno aberto 4
Por que facemos esta guía? 5
Quen escribiu esta guía? 6
Caderno do profesor 7
A transparencia 8
A excursión de Almudena 9
A participación 14
Almudena e os seus amigos melloran os parques 15
A colaboración 21
Almudena e os seus amigos axudan co tránsito 22
Caderno do alumno 28
A excursión de Almudena 29
Almudena e os seus amigos melloran os parques 33
Almudena e os seus amigos axudan co tránsito 37
Glosario 40

Por que facemos esta guía?

Esta guía é para os profesores de Educación primaria.
Axudaravos a explicarlles os nenos e nenas os valores do Goberno aberto que son: a transparencia, a participación e a colaboración na sociedade.

No Goberno aberto os cidadáns sabemos o que fan os políticos,
e podemos participar para tomar decisións
e así construír a unha sociedade máis aberta, responsable e esixente.

Almudena é unha alumna de 5º de primaria
que nos acompañará durante esta guía
con tres historias diferentes.

Quen escribiu esta guía?

Esta guía escribírona dous investigadores:
J. Ignacio Criado e Vicente Pastor.

J. Ignacio Criado

É profesor na Universidade Autónoma de Madrid
e director do Laboratorio de Goberno para a Innovación Pública.
O seu nome en Twitter é: @jicriado

Vicente Pastor

É investigador na Universidade Autónoma de Madrid
e no Laboratorio de Goberno para a Innovación Pública.
O seu nome en Twitter é: @vipaspa

Adaptación a Lectura Fácil:
Asociación Lectura Fácil

Caderno do profesor

A TRANSPARENCIA

O Goberno aberto é transparente.
Isto quere dicir que a información sobre as decisións que toma son claras, e os cidadáns poden acceder a ela de maneira fácil.
Con esta información transparente, temos a oportunidade de participar e colaborar nestas decisións do noso goberno.

A historia **A excursión de Almudena** pódevos axudar a explicarlles o concepto de transparencia na aula.

A excursión de Almudena

Almudena ten dez anos
e é alumna da Escola de Educación infantil e primaria Velázquez.
Encántalle a escola: é moi traballadora na clase
e ten unha boa relación cos compañeiros e compañeiras.

Un día, despois das vacacións de Nadal,
Almudena atopouse mal na clase.

—Non me atopo ben, profe –díxolle a Adolfo, o profesor.

Daquela, Adolfo chamou por teléfono o pai de Almudena,
que se presentou na escola de seguida.
Recolleu a Almudena e foron ao médico.

O médico díxolle que tiña unha febre moi alta
E que se tiña que quedar na casa toda a semana.

—Pero perderei todas as actividades da semana cultural!
–díxolle tristeira Almudena.

–Non te preocupes, filla, xa te informarán as compañeiras e Adolfo.

Mentres Almudena curaba na casa,
na clase divertíanse preparando as actividades da semana cultural.

O venres, Adolfo anunciou que o luns irían de excursión
á capital para visitar o Pazo do Goberno, o Parlamento
e a Delegación do Goberno de España.
Pediulles que trouxeran unha autorización asinada polos pais.

O luns, Almudena atopábase ben
e o pai acompañouna á escola.

–Bo día, Almudena –díxolle o profesor–.
Que alegría verte e que xa te atopes ben
Porque hoxe imos de excursión!

—Que excursión, profe? –díxolle estrañada
Almudena.

—Imos de excursión á capital.
Tes a autorización dos teus pais?

—Pero Adolfo, eu non sabía nada, da excursión!...

—Síntoo, Almudena. Pensaba que o sabías.
Pero non podes vir sen a autorización dos teus pais.

Iván, un compañeiro de Almudena, sentiu a conversa
e cando subiu ao autobús contóullela aos compañeiros da clase.
De seguida baixaron uns cantos amigos e amigas de Almudena
para falar con Adolfo.

—Non imos de excursión se non vén Almudena –díxolle Iván–.
Queremos que Almudena veña connosco.
Adolfo, porque non chamas ao seu pai para que asine a autorización agora?

—Tedes razón –díxolles o profesor–.
A escola debería publicar a información sobre a excursión
na páxina web co tempo suficiente.
Alégrame moito que sexades solidarios con Almudena.

O profesor chamou ao pai de Almudena
e ao pouco tempo, chegou para asinar a autorización.
Almudena puido subir ao autobús
e marcharon todos contentos cara á capital.

Daquela Adolfo falou polo micrófono:

—Isto que fixestes hoxe é moi importante.
Axudastes a vosa compañeira Almudena nunha situación complicada.
Ademais, eu mesmo explicareille ao director da escola o que fixestes hoxe
e darase conta de que é importante publicar sempre toda a información.
Debedes estar orgullosos polo voso comportamento
porque a partir de agora non volverá pasar o que lle pasou a Almudena.

Almudena e os seus compañeiros da clase eran responsables
das novas medidas de transparencia que implementará a escola.
Axudaran a facer a escola Velázquez máis transparente,
de acordo cos valores do Goberno aberto.

Que aprendemos?

- O Goberno aberto, representado pola escola Velázquez, ten a obrigación de facilitar información sobre a actividade que lle ofrece aos alumnos e ás familias.
  Se non podemos atopar a información que necesitamos, podemos preguntar e pedila na escola ou en calquera lugar público.

- A transparencia é un valor fundamental para que a escola funcione.

- O novo sistema de información para as familias a través de Internet é unha ferramenta moi útil para a transparencia.
  Canto máis innovador sexan os sistemas de información, máis transparentes serán as escolas.

Actividades sobre a Transparencia

1. Letras para a Transparencia

Busca as palabras que están relacionadas coa Transparencia nesta sopa de letras.

Verdade - Claro - Sincero - Novo - Próximo

V	E	R	D	A	D	E	D
T	C	L	A	R	O	N	N
R	S	I	N	C	E	R	O
D	I	O	L	T	A	N	V
F	P	R	O	X	I	M	O

Solución da sopa de letras

Verdade - Claro - Sincero - Novo - Próximo

V	E	R	D	A	D	E	D
T	C	L	A	R	O	N	N
R	S	I	N	C	E	R	O
D	I	O	L	T	A	N	V
F	P	R	O	X	I	M	O

2. Xogo: A ringleira da responsabilidade

Obxectivo:

Facerlles comprender que todas as accións que facemos afectan ao resto de cidadáns.
É dicir, calquera decisión que tomamos pode ter efectos sobre os outros.

Desenvolvemento da actividade:
Os nenos e as nenas póñense en ringleira e collen o compañeiro ou a compañeira que teñen diante pola cintura.

O profesor fará uns movementos
e os nenos imitaranos sen separarse do compañeiro de diante.

Exemplo dos movementos:

- Camiñar, camiñar de lado, camiñar cara a atrás, etc.
- Cambiar o sentido da marcha cando o profesor bata as mans
- ou cando deixe de soar a música
- Dar saltos: dous adiante, un atrás, etc.

3. Debate

Facemos un círculo e falamos:

- Foi difícil facer este movemento ou aqueloutro? Por que?
- Que vos resulta máis difícil, facer os exercicios sos ou en grupo? Por que?
- Como vos afectaron os movementos da persoa que tedes diante ou detrás?
- Pensamos sobre os efectos que pode ter a información cando non é clara ou non se transmite correctamente.

A PARTICIPACIÓN

O Goberno aberto é participativo.
Isto quere dicir que crea e xestiona as actuacións políticas
coa participación dos cidadáns e cidadás.

A participación é un dereito que todas as persoas temos
de formar parte nas decisións públicas que nos afectan.
Tamén é unha obrigación que temos polo ben de todos.

A participación créalles aos políticos uns retos
que poden ser oportunidades para que o Goberno aberto funcione.

Almudena e os seus amigos melloran os parques

Almudena vai de camiño á escola, en autobús.
Pola fiestra mira os parques e os xardíns da cidade onde vive.
Repara en que son grandes e teñen moitas árbores e zonas para descansar,
pero soamente hai un que ten unha boa zona para xogar.

Na escola, escoita a Iván e María que falan:

—Onte fun ao parque do Oeste co meu cadeliño –dille Iván–.
Pero as zonas de xogos estaban pechadas para reparacións.

—Pois no parque do meu barrio, as carriolas están todas botadas a perder
e non me deixan xogar –dille María.

Daquela Almudena interrompe a conversa e dilles:

—Teño unha idea!
Onte vin no taboleiro de anuncios da escola
que o Concello quere facer un Consello da Infancia.

—Un que? –pregúntanlle Iván e María, á vez.
—Un Consello da Infancia.
A miña nai explicoume que é un grupo de nenos e nenas
que lle piden ao Concello que resolva os nosos problemas.

—Mimadriña, Almudena! Sábelo todo! –dille María, rindo.

Daquela os tres póñense de acordo
que sería boa idea ir ao Consello da Infancia
e explicarlle o que pensan sobre os parques da cidade.



Na clase, Almudena pídelle permiso a Adolfo, o profesor,
para falarlles aos compañeiros e compañeiras de clase sobre esta idea.
E todos están de acordo que hai que mellorar as zonas de xogos nos parques.

—Quen quere presentarse voluntario? –pregúntalles Adolfo–.
Nas bases para presentarse ao Consello da Infancia
di que podedes presentarvos dous representantes da clase.



Almudena de seguida ergue o brazo

—Eu tamén quero! –dille Iván.

—E eu! –salta Alberto.

—Daquela eu tamén! –dille María.

Entón Adolfo mira de poñer orde
porque son catro nenos e nenas interesados en participar no Consello
pero soamente poden ir dous.
O profesor propón a toda a clase de facer unha votación
e escoller os dous compañeiros que os representen.

Toda a clase atopa que é tan boa idea
que aplauden a Adolfo.

Os candidatos son: Almudena, Iván, Alberto e María.
Cada alumno ten que votar dous.
Por iso, cadaquén escribe o nome de dous candidatos nun papel
e deixa o papel dentro dunha caixa de cartón.

Adolfo encárgase de contar os nomes escritos en cada papel.
Almudena e Iván son os que saíron máis votados.
Serán eles os representantes da clase!

De seguida se poñen a traballar:
anotan nun caderno todas as ideas que van dicindo entre todos.
Chegan á conclusión que fai falta mellorar 10 dos 22 parques da cidade.
Nalgúns hai que cambiar o mobiliario,
noutros hai que ampliar as zonas de xogos
e noutros parques hai que abrir zonas infantís novas.

O día da reunión co Consello da Infancia,
Almudena e Iván explícanlle todas as propostas de mellora
ao responsable dos parques do Concello e á alcaldesa.

—Moitas grazas, Almudena e Iván –dille a alcaldesa–.
Escoitámosvos con moito interese.
Agora sabemos o que pensades os nenos e nenas da vosa idade.
Miraremos para facer todo o posible para satisfacer as vosas necesidades,
pero tamén esperemos que entre todos teñamos conta dos parques e xardíns.

Almudena e Iván están contentísimos.
Coa participación de todos os compañeiros e as compañeiras,
o Concello comprométese a mellorar todas as zonas de xogos dos parques!

Un ano despois, a maioría dos parques teñen novas zonas de xogos.
A idea de Almudena fíxose realidade
coa participación de todos os nenos e nenas da súa clase..

Que aprendemos?

- É bo coidar do noso entorno.
  Os parques, as instalacións e as zonas verdes públicas son de todos.
  Por iso, entre todos temos que contribuír a conservalos e melloralos.

- Temos que informar os políticos cando atopamos danos
  ou vemos que é necesario mellorar as instalacións públicas.

- Hai diferentes formas de participar nas decisións.
  Almudena e Iván comunícanlle as propostas de mellora
  ao Consello da Infancia.
  É importante buscar a forma de participación máis adecuada en cada caso.

- A participación é de todos e de todas.
  Almudena e Iván representan os compañeiros da súa clase.
  Trasladan todas as opinións que recolleron de cada neno e nena.

- É recomendable que participen sempre que sexa posible.
  Os políticos teñen que escoitar as nosas opinións e necesidades.

Actividades sobre a Participación

1. Frases para a Participación

Completa as frases coas palabras seguintes.
Primeiro faino cun compañeiro ou compañeira da clase
e despois corríxeo co profesor.

Acordo Necesidades Lei Participa Dereitos Compromiso Solidario Democracia
Liberdade Votar

Existe a _____ de expresión cando dicimos, escribimos
ou facemos público todo aquilo que queremos.

O colexio enteiro _____ na elección dos membros do Consello Escolar.

É necesario chegar a un _____ entre os diversos grupos sociais
para garantir o bo funcionamento da democracia.

Todos os españois e españolas temos dereito a _____
cando facemos 18 anos.

Nosoutros podemos ter _____ diferentes ás dos nosos pais
e das nosas nais, pero temos que telas en consideración para cubrilas.

Para que unha democracia funcione, os gobernos e as administracións públicas
sempre deben de respectar a _____.



A nosa clase funciona como unha _____: falamos libremente
e votamos as decisións que se formulan.

Temos que respectar os _____ do resto na elección das necesidades.

Un pobo _____ é o que axuda os máis desfavorecidos
para que teñan os mesmos dereitos que o resto da poboación.

Para cumprir co que decidimos nunha votación, ten que haber
un _____ forte por parte de todos.

2. As miñas necesidades, son as de todos?

Traballade en grupo.
Analizade a importancia que teñen as necesidades dun grupo de persoas, e a importancia que teñen as necesidades de todos os cidadáns xuntos.

En primeiro lugar, cada alumno do grupo di dúas necesidades.
Por exemplo: 1. mellorar o transporte público
e 2. converter as rúas en zonas de viandantes para poder xogar.
Despois, comentade estas necesidades entre todos os alumnos do grupo e o profesor escríbeas nunha cartolina pendurada na parede.

En segundo lugar, o profesor pregúntalles se os seus pais e nais teñen as necesidades que escribiron na cartolina
ou ata se terían outras.
O profesor escribe noutra cartolina as necesidades dos seus pais.

Para acabar, debatede sobre as diversas necesidades dun grupo e as necesidades de toda a cidadanía.

- Que necesidades afectan a máis cantidade de persoas?
- Que necesidades son máis características dos grupos desfavorecidos?
- De entre todas as necesidades das listaxes, cales son básicas para a cidadanía?
- Que necesidades serían prioritarias para mellorar a calidade de vida do teu barrio?

3. Facemos teatro para a participación

Facede unha representación teatral da historia **Almudena e os seus amigos melloran o parque.**
Improvisade algúns diálogos.

4. O mural da participación

Facede un mural onde aparezan as necesidades da vosa escola.
Animádevos a comunicárllelas ás persoas responsables da escola e organizade unha reunión para que escoiten as vosas propostas.

A COLABORACIÓN

O Goberno aberto é colaborativo.
Isto quere dicir que os políticos se atopan, dialogan e traballan xuntos para crear ou mellorar os servizos para a cidadanía.

Para colaborar, os políticos traballan conxuntamente cos outros políticos, pero tamén coa cidadanía, empresas, asociacións ou universidades. Desta maneira, desenvolven redes de intercambio de ideas.

A colaboración pode ser:

- local, se afecta ao municipio
- rexional, se afecta á provincia
- estatal, se afecta a todo o estado.

Almudena e os seus amigos axudan co tránsito

Os alumnos e as alumnas da escola Velázquez chegan á clase.
Algúns fano no transporte escolar,
outros chegan no transporte público,
outros nenos e nenas veñen cos seus familiares,
e moitos chegan á escola camiñando.

—Bo día, Almudena –saúdaa Iván.

—Bo día, Iván. Como estás? –respóndelle ela, que chega correndo.

—Moi ben. E ti, onde vas con présa?

—É que cruzar esta rúa seméllame perigoso:
hai unha desorde de coches de pais e nais,
non hai ninguén que poña orde no tránsito
e por enriba non hai pasos de peóns!

Almudena e Iván deciden ir falar coa directora.
Explícanlle que hai pouco espazo para aparcar,
que non hai ningunha zona habilitada para os autobuses
nin para persoas con discapacidade,
e que falta un paso de viandantes par os que cheguen a pé á escola.

—Como podemos atopar unha solución? –pregúntalle Almudena.

— Manifestareino na próxima reunión do Consello escolar
–respóndelle a directora–. Falarei cos pais e nais da escola
e cos representantes da empresa do autobús escolar.
Que vos semella? Con quen máis poderiamos colaborar?

—Poderiamos falar co rexedor do tránsito do Concello
e coa Policía Local –dille Almudena.

—Moi boa idea, Almudena –dille a directora.

—E nosoutros tamén podemos colaborar!
–dille Iván entusiasmado–.
A miña nai na empresa onde traballa fai unha
cousa semellante:
organiza un grupo de persoas que teñen o mesmo problema
para que falen para atopar xuntos unha solución.
Ela fala dun laboratorio de ideas ou algunha cousa así...

—Que ben, Iván! –exclama a Directora–.
Falarei coa túa nai
e pedireille se quere coordinar este traballo.
Crearemos un laboratorio de ideas para mellorar o tránsito da escola.
Que vos semella?

—Soa moi ben! –dille Almudena, emocionada.

Durante uns días, a directora e a nai de Iván traballan xuntas:
convocan todas as persoas e organizacións para colaborar
no “Laboratorio de Ideas da escola Velázquez”.

Definen os problemas do tránsito na entrada e na saída da escola
e crean posibles solucións entre todos.

Estas solucións son:

- O Concello colocará diversos pasos de viandantes elevados
  en toda a rúa. Isto reducirá a velocidade dos coches
  e facilitaralles o cruce da rúa aos viandantes.

- A Policía Local enviaralle unha patrulla da unidade de tránsito
  á entrada e á saída da clase, cada día durante media hora.

- A empresa de autobuses do transporte escolar e o Concello
  habilitarán unha zona de aparcamento dos autobuses ao carón da escola,
  e unha zona de aparcamento para persoas con discapacidade.

- A escola organizará cursos sobre educación vial para todo o alumnado.

- A asociación de nais e pais das alumnas fará unha campaña
  para fomentar o uso da bicicleta en lugar do coche,
  e a escola habilitará unha zona para aparcar as bicicletas.

Como resultado da colaboración, as melloras chegan pronto.
Os coches circulan a unha velocidade moito máis reducida,
hai zonas para aparcar os coches e os autobuses,
e todos coñecemos ben os pasos de viandantes.
Ademais, moitos familiares comezan a chegar á escola en bicicleta.

Despois destes bos resultados, a escola tomou unha decisión:
a partir de agora ocuparase dos problemas relacionados coa escola
coa colaboración de todas as persoas e os servizo implicados.

Que aprendemos?

- Hai certos problemas que non podemos resolver sós
  e necesitamos a colaboración doutras persoas.
  A colaboración pódenos permitir conseguir os obxectivos.

- Non hai unha única solución aos problemas.
  Hai diversas maneiras de velos, de expresalos e de resolvelos.

- O traballo conxunto facilita a participación e o acordo entre as persoas,
  así coma visión máis ampla sobre os problemas.

- A colaboración pódese aplicar en todos os ámbitos da vida:
  na escola, nos gobernos e nas administracións públicas,
  nos grupos de amigos, na familia, etc.
  Trátase de compartir para mellorar.

Actividades sobre a Participación

1. Xogamos na aula: Todos somos imprescindibles

Obxectivos:

- Participar de forma activa no xogo
  para reflexionar sobre os valores sociais da xustiza e equidade.

- Identificar e recoñecer a importancia dos diferentes roles sociais
  e a interacción das persoas para a unha convivencia sa.

- Descubrir as aportacións que poden facer a través de cada rol.

Desenvolvemento da actividade:
O profesor organiza o alumnado sentado nun círculo.
Pasamos unha bolsa/caixa con papeis e cadaquén escolle un.
Nestes papeis hai escrito un oficio ou unha profesión.
Cada alumno di en voz alta o oficio ou profesión que representa.

O profesor expresa un problema que afecta á convivencia.
Por exemplo:

- A falta de coidados dos parques públicos da cidade

- O abandono dos animais domésticos, como cans e gatos

- A falta de carrís bici na cidade

- Problemas de acceso ás instalacións da biblioteca municipal
  (non hai ramplas para cadeiras de rodes,
  ou as seccións da biblioteca non están ben sinalizadas, etc.)

Cada alumno pensa unha ou varias solucións segundo o seu oficio
e póñenos en común.

O profesor modera o debate
e pon énfase en que cada aportación de ideas
ou experiencias é importante.
A solución ao problema sempre é mellor se cadaquén
colabora desde a súa posición.

2. O xogo dos enigmas

Os alumnos teñen que atopar unha solución
a un problema
nunha historia en que faltan partes do relato.
Os alumnos fan de detectives, investigan.
Formulan hipóteses e demandan pistas ao profesor.
O profesor soamente pode responder “si” ou “non”.

Por exemplo:

“Entra un home nun bar.
Pide un vaso de auga.
O camareiro escóndese detrás da barra
e de súpeto aparece vestido de fantasma.
O home dálle as grazas e marcha do bar.”

Que podería pasar nesta historia?

A solución é que o home que vai entrar no bar tiña saloucos,
e o camareiro axudouno cun bo susto.

3. Imos de excursión

A clase organízase en grupos pequenos de 4 ou 5 alumnos.
Cada grupo decide un lugar para ir de excursión ao final do curso.
Cada membro do grupo di un lugar
e o grupo, despois dun debate, escolle un destino.

Despois, propoñemos o medio de transporte para chegar,
a data, os horarios de saída e de chegada,
a necesidade das guías ou acompañantes,
as actividades e as visitas que farán,
e como conseguir diñeiro para financiar parte da excursión.

Finalmente, o portavoz de cada grupo
expón a decisión do seu grupo.
Despois debaten e poñen en común
a proposta de cada grupo
coa análise e aportación de todos os grupos.
Desta maneira, todos terán que colaborar.

Resumo

Con esta guía didáctica queriamos achegar os alumnos
de Educación primaria ao mundo do Goberno aberto.

Utilizamos tres historias relacionadas cos tres piares
do Goberno aberto: transparencia, participación e colaboración,
así como actividades para traballar os conceptos, expostos
e comprendelos de maneira práctica.

O Goberno aberto é unha nova forma de gobernar a sociedade
e de entender os gobernos e as administracións públicas.
Ten a finalidade de aproveitar o coñecemento dos cidadáns e cidadás
para implicalos na mellora da nosa sociedade.
É unha viaxe que require a implicación de toda a sociedade,
incluíndo os nenos e as nenas.

Caderno do alumno

A excursión de Almudena

Almudena ten dez anos
e é alumna da Escola de Educación infantil e primaria Velázquez.
Encántalle a escola: é moi traballadora na clase
e ten unha boa relación cos compañeiros e as compañeiras.

Un día, despois das vacacións de Nadal,
Almudena atopouse mal na clase.

—Non me atopo ben, profe –díxolle a Adolfo, o profesor.

Entón Adolfo chamou por teléfono o pai de Almudena,
que se presentou na escola de seguida.
Recolleu a Almudena e foron ao médico.

O médico díxolle que tiña a febre moi alta
e que tiña que quedar na casa toda a semana.

—Pero perderei todas as actividades da semana cultural!
–díxolle tristeira Almudena.

–Non te preocupes, filla, xa te informarán
as compañeiras e Adolfo.

Mentres Almudena curaba na casa,
a clase divertíase preparando as actividades da semana cultural.

O venres, Adolfo anunciou que o luns irían de excursión
á capital para visitar o Pazo do Goberno, o Parlamento
e a Delegación do Goberno de España.
Pediulles que trouxeran unha autorización asinada polos pais.

O luns, Almudena atopábase ben
e o pai acompañouna á escola.

–Bo día, Almudena –díxolle o profesor–.
Que alegría verte e que xa te atopes ben
porque hoxe imos de excursión!

—Que excursión, profe? –díxolle estrañada Almudena.

—Imos de excursión á capital.
Tes a autorización dos teus pais?

—Pero Adolfo, eu non sabía nada, da excursión!...

—Síntoo, Almudena. Pensaba que o sabías.
Pero non podes vir sen a autorización dos teus pais.

Iván, un compañeiro de Almudena, escoitou a conversa
e cando subiu ao autobús contóullela aos compañeiros da clase.
De seguida baixaron uns cantos amigos e amigas de Almudena
para falar con Adolfo.

—Non imos ir de excursión se non vén Almudena –díxolle Iván–.
Queremos que Almudena veña connosco.
Adolfo, por que non chamas ao seu pai para que asine a autorización agora?

—Tedes razón –díxolles o profesor–.
A escola debería ter publicado a información sobre a excursión
na páxina web co tempo suficiente.
Alégrame moito que sexades solidarios con Almudena.

O profesor chamou ao pai de Almudena
e despois de pouco tempo, chegou para asinar a autorización.
Almudena puido subir ao autobús
e marcharon todos contentos cara á capital.

Daquela Adolfo falou polo micrófono:

—Isto que fixestes hoxe é moi importante.
Axudastes a vosa compañeira Almudena nunha situación complicada.
Ademais, eu mesmo explicareille ao director da escola o que fixestes hoxe
e darase conta que é importante publicar sempre toda a información.
Debedes estar orgullosos do voso comportamento
porque a partir de agora non volverá pasar o que lle pasou a Almudena.

Almudena e os seus compañeiros da clase eran responsables
das novas medidas de transparencia que implementarán na escola.
Axudaran a facer a escola Velázquez máis transparente,
de acordo cos valores do Goberno aberto.

Que aprendemos?

- O Goberno aberto, representado pola escola Velázquez, ten a obrigación de facilitarlles información sobre a actividade que ofrece aos alumnos e ás familias.
  Se non podemos atopar a información que necesitamos, podemos preguntar e pedila na escola ou en calquera lugar público.

- A transparencia é un valor fundamental para que a escola funcione.

- O novo sistema de información para as familias a través de Internet é unha ferramenta moi útil para a transparencia.
  Canto máis innovador sexan os sistemas de información, máis transparentes serán as escolas.

Actividades sobre a Transparencia

1. Letras para a Transparencia

Busca as palabras que están relacionadas coa Transparencia nesta sopa de letras.

Verdade - Claro - Sincero - Novo - Próximo

V	E	R	D	A	D	E	D
T	C	L	A	R	O	N	N
R	S	I	N	C	E	R	O
D	I	O	L	T	A	N	V
F	P	R	O	X	I	M	O

Almudena e os seus amigos melloran os parques



Almudena vai de camiño á escola, en autobús.
Pola fiestra mira os parques e os xardíns
da cidade onde vive.
Repara en que son grandes e teñen
moitas árbores e zonas para descansar,
pero soamente hai un que ten una boa zona
para xogar.

Na escola, escoita a Iván e María que falan:

—Onte fun ao parque do Oeste co meu cadeliño –dille Iván–.
Pero as zonas de xogos estaban pechadas para reparacións.

—Pois no parque do meu barrio, as carriolas están todas botadas a perder
e non me deixan xogar –dille María.

Daquela Almudena interrompe a conversa e dilles:

—Teño unha idea!
Onte vin no taboleiro de anuncios da escola
que o Concello quere facer un Consello da Infancia.

—Un que? –pregúntanlle Iván e María, á vez.
—Un Consello da Infancia.
A miña nai explicoume que é un grupo de nenos e nenas
que lle piden ao Concello que resolva os nosos problemas.

—Mimadriña, Almudena! Sábelo todo! –dille María, rindo.

Daquela os tres póñense de acordo
que sería boa idea ir ao Consello da Infancia
e explicarlle o que pensan sobre os parques da cidade.

Na clase, Almudena pídelle permiso a Adolfo, o profesor,
para falarlles aos compañeiros e compañeiras da clase sobre a idea.
E todos están de acordo que hai que mellorar as zonas de xogos dos parques.

—Quen quere presentarse voluntario? –pregúntalles Adolfo–.
Nas bases para presentarse ao Consello da Infancia
di que podedes presentarvos dous representantes da clase.

Almudena de seguida ergue o brazo:



—Eu tamén quero! –dille Iván.

—E eu! –salta Alberto.

—Daquela eu tamén! –dille María.

Daquela Adolfo mira de poñer orde
porque son catro nenos e nenas interesadas en participar no Consello
pero soamente poden ir dous.
O profesor proponlle a toda a clase facer unha votación
e escoller os dous compañeiros que os representen.

Toda a clase atopa que é tan boa idea
que aplauden a Adolfo.

Os candidatos son: Almudena, Iván, Alberto e a María.
Cada alumno ten que votar dous.

Por iso, cadaquén escribe o nome dos dous candidatos nun papel
e deixa o papel dentro dunha caixa de cartón.

Adolfo encargase de contar os nomes escritos en cada papel.
Almudena e Iván son os que foron máis votados.
Serán eles os representantes da clase!

De seguida se poñen a traballar:
anotan nun caderno todas as ideas que dixeron entre todos.
Chegan á conclusión que cómpre mellorar 10 dos 22 parques da cidade.
Nalgúns hai que cambiar o mobiliario,
noutros hai que ampliar as zonas de xogos
e noutros parques hai que abrir zonas infantís novas.

O día da reunión no Consello da Infancia,
Almudena e Iván explícanlle todas as propostas de mellora
ao responsable dos parques do Concello e á alcaldesa.

—Moitas grazas, Almudena e Iván –dilles a alcaldesa–.
Escoitámosvos con moito interese.
Agora sabemos o que pensades os nenos e nenas da vosa idade.
Miraremos de facer todo o posible para satisfacer as vosas necesidades,
pero tamén esperamos que entre todos coidemos os parques e xardíns.

Almudena e Iván están contentísimos.
Coa participación de todos os compañeiros e as compañeiras,
o Concello comprométese a mellorar todas as zonas de xogos dos parques!

Un ano despois, a maioría dos parques teñen novas zonas de xogos.
A idea de Almudena fíxose realidade
coa participación de todos os nenos e nenas da súa clase..

Que aprendemos?

- É bo coidar do noso entorno.
  Os parques, as instalacións e as zonas verdes públicas son de todos.
  Por iso, entre todos temos que contribuír a conservalas e melloralas.
  Temos que informar os políticos cando atopamos danos
  ou vexamos que é necesario mellorar as instalacións públicas.

- Hai diferentes formas de participar nas decisións.
  Almudena e Iván comunícanlle as propostas de mellora
  ao Consello da Infancia.
  É importante buscar a forma de participación máis adecuada
  en cada caso.

- A participación é de todos e de todas.
  Almudena e Iván representan os compañeiros da súa clase.
  Trasladan todas as opinións que recolleron de cada neno e nena.

- É recomendable que participemos sempre que sexa posible.
  Os políticos teñen que escoitar as nosas opinións e necesidades.

Actividades sobre a Participación

1. Frases para a Participación

Completa as frases coas palabras seguintes.
Primeiro faino cun compañeiro ou compañeira da clase
e despois corríxeo co profesor.

Acordo Necesidades Lei Participa Dereitos Compromiso Solidario Democracia Liberdade Votar

Existe a _____ de expresión cando dicimos, escribimos ou facemos público todo aquilo que queremos.

O colexio enteiro _____ na elección dos membros do Consello Escolar.

É necesario chegar a un _____ entre os diversos grupos sociais para garantir o bo funcionamento da democracia.

Todos os españois e españolas temos dereito a _____ cando facemos 18 anos.

Nosoutros podemos ter _____ diferentes ás dos nosos pais e das nosas nais, pero debemos telas en consideración para cubrilas.

Para que unha democracia funcione, os gobernos e as administracións públicas sempre deben respectala _____.

A nosa clase funciona como unha _____: falamos libremente

e votamos as decisións que se comunican.

Debemos respectar os _____ do resto na elección das necesidades.

Un pobo _____ é o que axuda os máis desfavorecidos para que teñan os mesmos dereitos que o resto da poboación.

Para cumprir co que decidimos nunha votación, debe haber un _____ forte por parte de todos.

Almudena e os seus amigos axudan co tránsito

Os alumnos e as alumnas da escola Velázquez chegan á clase.
Algúns fano en transporte escolar,
outros chegan en transporte público,
outros nenos e nenas veñen cos seus familiares,
e moitos chegan á escola camiñando.

—Bo día, Almudena –saúdaa Iván.

—Bo día, Iván. Como estás? –respóndelle ela, que chega correndo.

—Moi ben. E ti, onde vas con présa?

—É que cruzar esta rúa semella perigoso:
hai unha desorde de coches de pais e nais,
non hai ninguén que poña orde no tránsito
e por enriba non hai paso de peóns!

Almudena e Iván deciden ir falar coa directora.
Explícanlle que hai pouco espazo para aparcar,
que non hai ningunha zona habilitada para os autobuses
nin para as persoas con discapacidade,
e que falta un paso de viandantes
para os que cheguen a pé á escola.

—Como podemos atopar unha solución? –pregúntalle Almudena.

— Comunicareino na próxima reunión
do Consello escolar –respóndelle a directora–.
Falarei cos pais e nais da escola
e cos representantes da empresa do autobús escolar.
Que vos semella? Con quen máis poderiamos colaborar?

—Poderiamos falar co rexedor do tránsito do Concello
e coa Policía Local –dille Almudena.

—Moi boa idea, Almudena –dille a directora.

—E nosoutros tamén podemos colaborar! –dille Iván entusiasmado–.
A miña nai na empresa onde traballa fai unha cousa semellante:
organiza un grupo de persoas que teñen o mesmo problema
para que falen para atopar xuntos unha solución.
Ela fala dun laboratorio de ideas ou algunha cousa así...

—Que ben, Iván! –exclámalle a Directora–.
Falarei coa túa nai
e pedireille se quere coordinar este traballo.
Crearemos un laboratorio de ideas para mellorar o tránsito da escola.
Que vos semella?

—Soa moi ben! –dille Almudena, emocionada.

Durante uns días, a directora e a nai de Iván traballan xuntas:
convocan todas as persoas e organizacións para colaborar
no “Laboratorio de Ideas da escola Velázquez”.
Definen os problemas de tránsito da entrada e saída da escola
e crean posibles solucións entre todos.

Estas solucións son:

- O Concello colocará diversos pasos de viandantes elevados
  por toda a rúa. Isto reducirá a velocidade dos coches
  e facilitaralle o cruce da rúa aos viandantes.

- A Policía Local enviará unha patrulla da unidade de tránsito
  á entrada e á saída das clases, cada día durante media hora.

- A empresa de autobuses de transporte escolar e o Concello
  habilitarán unha zona de aparcamento de autobuses ao carón da escola,
  e unha zona de aparcamento para as persoas con discapacidade.

- A escola organizará cursos sobre educación viaria para todo o alumnado.

- A asociación de nais e pais dos alumnos fará unha campaña
  para fomentar o uso da bicicleta en lugar do coche,
  e a escola habilitará unha zona para aparcar as bicicletas.

Como o resultado da colaboración, as melloras chegan pronto.
Os coches circulan a unha velocidade moito máis reducida,
hai zonas para aparcar os coches e os autobuses,
e todos coñecen ben os pasos de peóns.
Ademais, moitos familiares comezan a chegar á escola en bicicleta.

Despois destes bos resultados, a escola tomou unha decisión:
a partir de agora ocuparase dos problemas relacionados coa escola
coa colaboración de todas as persoas e os servizos implicados.

Que aprendemos?

- Hai certos problemas que non podemos resolver sós
  e necesitamos a colaboración doutras persoas.
  A colaboración pódenos permitir conseguir os obxectivos.

- Non hai unha única solución aos problemas.
  Hai diversas maneiras de velos, de expresalos e de resolvelos.
  O traballo conxunto facilita a participación e o acordo entre persoas,
  así como unha visión máis ampla sobre os problemas.

- A colaboración pódese aplicar a todos os ámbitos da vida:
  á escola, aos gobernos e ás administracións públicas,
  aos grupos de amigos, á familia, etc.

- Trátase de compartir para mellorar.

Glosario

- **Colaboración**. Colaborar é cando varias persoas traballan unidas para conseguir algo.
  Axúdanse entre elas para conseguir un fin común para todas as persoas.

- **Democracia**. Democracia é unha forma de goberno onde o poder de decisión téñeno os cidadáns.
  Os cidadáns votan ao seu presidente nas eleccións.
  O seu presidente represéntaos no goberno.

- **Participación**. Cando das a túa opinión e formas parte das accións dun grupo ou da sociedade.
  Por exemplo, un alumno participa na clase preguntándolle ao profesor.

- **Representante**. É unha persoa elixida polo grupo para que vaia no seu lugar a un sitio e dicirlles aquilo que eles pidan.
  Por exemplo, o presidente do Goberno é o representante dos seus cidadáns no Goberno.
  Ou por exemplo, o delegado de clase é o representante dos alumnos diante do profesor.

- **Responsabilidade**. Cando te comprometes para facer algo.

- **Transparencia**. Cando algo se amosa tal cal os demais.
  Amósase de forma clara e sincera.
  Dáselles información aberta a todos.
  Non se ocultan as cousas.

«Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU. Porén, os puntos de vista e as opinións expresadas son só as do autor ou autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea ou a Comisión Europea. Nin a Unión Europea nin a Comisión Europea poden considerarse responsables delas».

«Financiado por la Unión Europea - NextGenerationEU. Sin embargo, los puntos de vista y las opiniones expresadas son únicamente los del autor o autores y no reflejan necesariamente los de la Unión Europea o la Comisión Europea. Ni la Unión Europea ni la Comisión Europea pueden ser consideradas responsables de las mismas».

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
GOBIERNO DE ESPAÑA

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL
intef INSTITUTO NACIONAL DE TECNOLOGÍAS EDUCATIVAS Y DE FORMACIÓN DEL PROFESORADO
MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA